



AVALIACIÓN DO PROGRAMA GREEN-CAMPUS

As Universidades, Campus, Facultades e Escolas universitarias participantes no programa Green-Campus recibirán en todo momento a asistencia técnica, seguimento e asesoramento de ADEAC, que pode suxerir aos propios centros universitarios o momento en que solicitar o Bandeira Verde. Os requisitos mínimos para optar á Bandeira Verde son: (a) ter aplicado os 7 pasos do Programa Green-Campus: 1. Comité Ambiental que asegure a continuidade do programa, 2. Ecoauditoría, 3. Plan de Acción, con actuacións en ao menos tres dos ámbitos temáticos propostos, 4. Seguimento e Avaliación, 5. Información e Comunicación, 6. Vinculación co currículo e 7. Declaración Ambiental; e (b) presentar unha memoria de actividades que resuma todos estes aspectos.

Os centros universitarios deben estar inscritos no programa, polo menos, durante un ano e medio, para poder solicitar a Bandeira Verde.

PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE

Para proceder á solicitude da Bandeira Verde, o comité ambiental do Centro, Campus ou Universidade participante terá que redactar unha memoria que reflicta a implementación dos sete pasos do programa Green-Campus e na que se explique detalladamente cómo se desenvolveu o programa no centro ou ámbito. Unha primeira versión desta memoria será enviada a ADEAC para a súa revisión, quen suxerirá as modificacións necesarias antes de que se envíe a versión final que ADEAC fará chegar aos membros do comité de avaliación.

Un representante de ADEAC visitará os centros universitarios candidatos a Bandeira Verde, antes da reunión do comité de avaliación.

Unha vez entregada a memoria oficial, concretarase unha data para a reunión de avaliación de Green-Campus. O comité de avaliación poderá realizar as preguntas e recomendacións que considere oportunas e suxerir futuras liñas de actuación e mellora para o desenvolvemento posterior do programa Green-Campus.

Pode ser útil para o centro universitario se, previamente, ADEAC identifica as áreas da solicitude nas que o comité de avaliación pode pedir aclaracións. ADEAC fará de facilitador o día da avaliación e mediará entre o comité ambiental e o comité de avaliación.

O comité de avaliación elaborará, posteriormente, un informe escrito coa valoración final, no prazo de tres semanas posterior á reunión de avaliación. Este informe será remitido ao comité ambiental do centro universitario, quen terá un prazo de dúas semanas para responder ao informe. Tras ditos trámites, o comité de avaliación tomará a decisión de outorgar ou non a Bandeira Verde. Todos os documentos xerados no proceso de avaliación gardaranse e poderán ser enviados ao coordinador da FEE se o solicita.



O COMITÉ DE AVALIACIÓN

O comité de avaliación está formado por persoal de ADEAC e especialistas en educación ambiental a nivel universitario independentes.

DECISIÓN DE OUTORGAR A BANDEIRA VERDE

Se a decisión de outorgar a Bandeira Verde é positiva, o presidente de ADEAC enviará unha carta ao coordinador de Green Campus do Centro Universitario, comunicando a decisión.



FORMULARIO PARA A SOLICITUDE DE BANDEIRA VERDE

Completar polo centro universitario que desexa solicitar a avaliación do programa e a obtención da Bandeira Verde:

Institución	Universidade da Coruña		
Centro(s)	Facultade de Economía e Empresa		
Enderezo	Campus Elviña s/n, C.P. 15008		
País	España		
Teléfono 981167000			Correo-e: green.fee@udc.es
Fax: 981167070			Web: www.economicas.udc.es
Coordinadorxs	Iván López Martínez e Estefanía Mourelle Espasandín		
Patrocinadorxs	-		

Unha breve descrición do programa:

- O centro universitario leva inscrito no programa durante un ano e medio polo menos?
SI NON

1. COMITÉ AMBIENTAL

- O comité réunese de forma regular? SI NON

Con que frecuencia?	1 ou 2 por ano
Onde?	Aulas da facultade ou plataforma MS Teams

- Tómase acta das reunións? SI NON
- As actas das reunións son publicadas (opcional, pero conveniente)? SI NON
- Están a disposición da comunidade universitaria? SI NON
- O comité está formado por persoas pertencentes a todos os colectivos universitarios (PDI, PAS e estudantado)? SI NON

Que colectivos universitarios (PDI, PAS e estudantado)?

PDI, PAS, estudantado, alumnado egresado e colaboradores externos



- O número de persoas que forma o comité é representativo da comunidade universitaria?
SI NON

Total alumnado + PAS + Profesorado	42
Total membros comité	46

- Incorporáronse novos membros ao comité desde a súa creación? SI NON

Hai previsión de que se unan máis? SI NON

- Espérase a continuidade do comité ambiental? SI NON

E a renovación dos seus membros? SI NON

- Participan no comité representantes de entidades, asociacións ou outros externos á Universidade? SI NON

2. ECOAUDITORÍA

- A ecoauditoría foi coordinada e revisada polo comité ambiental? SI NON

- Participaron persoas pertencentes aos diferentes colectivos universitarios (PDI, PAS e estudantado)? SI NON

A que colectivos universitarios (PDI, PAS e estudantado)?

PDI, PAS, estudantado, e, ademais, alumnado egresado e colaboradores externos

- Na realización da ecoauditoría participou a comunidade universitaria máis aló do comité ambiental? SI NON

Quen?

- Completouse adecuadamente o cuestionario de ecoauditoría? SI NON

3. PLAN DE ACCIÓN

- **Os obxectivos e accións do plan son acordes aos resultados da ecoauditoría?**

SI NON

- **Inclúese prazo de execución das accións?** SI NON

Cal é o prazo?

Este depende da envergadura das accións, mais tras o seu seguimento e última revisión, instouse a una data límite de abril de 2021.

- **Os obxectivos e os prazos de execución das accións son realistas?** SI NON

- **Hai asignadas persoas ou grupos de persoas responsábeis de cada unha das accións?**

SI NON

Persoas/grupo de persoas	Accións
Fernando de Llano (PDI) Ángeles Longarela (PDI) América Álvarez (PDI) Alberto Castedo (Estudante) Laura Otero (Estudante) Elena Fernández (PAS)	Todas as accións da área temática "Optimización do consumo de auga e enerxía"
Amalia Blanco (PDI) Susana Iglesias (PDI) Marta Pastoriza (Exalumna)	Todas as accións da área temática "Reducción da xeración de residuos e mellora da recollida selectiva"
Paulino Montes (PDI) Noelia Salido (PDI) Iria Puerto (Estudante) Rubén Vázquez (Estudante) Patricio Parada (PAS)	Todas as accións da área temática "Correcto tratamento e xestión dos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos e dos residuos de pilas e acumuladores"
Benito López (PDI) Eva Lado (PDI)	Todas as accións da área temática "Movilidade sostible"

Laura Carregal (Estudiante) Iria Vázquez (Estudiante) Belén Bocija (Estudiante) Carlota Balsa (PAS)	
José María Losada (PDI) Dolores Lagoa (PDI) Ana Baneira (Estudiante) Víctor Lama (Sector empresarial e exalumno) M ^{re} Jesús Parga (PAS)	Todas as accións da área temática “Hábitos, rutinas e estilos de vida saudables”
Laura Varela (PDI) M ^{re} Teresa García (PDI) Jhon Gómez (Estudiante) Nuria Fernández (Estudiante) Brais Campos (Estudiante)	Todas as accións da área temática “Compra verde, comercio xusto e consumo responsable”
Emilia García (PDI) Gustavo Rego (PDI) Daniel Rodrigues (Estudiante)	Todas as accións da área temática “Participación, sensibilización e voluntariado ambiental”
Carmen Gago (PDI) María Alló (PDI) Fernando Bruna (PDI) Seda Nikoghosyan (Estudiante) Helena Darriba (Estudiante)	Todas as accións da área temática “Cambio climático e ambientación curricular”

- **Inclúíronse indicadores de seguimento e avaliación de cada unha das accións?**

SI NON

- **Que criterios se teñen seguido para a elección dos ámbitos temáticos a traballar?**

Na sesión de constitución do Comité Ambiental propúxose que os integrantes do mesmo indicasen as súas preferencias en canto aos ámbitos temáticos enumerados no documento base Green Campus. En base á similitude de preferencias se formaron os equipos de traballo (por liñas temáticas). Ademáis, os ámbitos contemplados están alineados co Plano Estratégico da UDC 2020.

- **Contén actuacións de polo menos tres dos ámbitos temáticos propostos? SI NON**

1. Optimización do consumo de auga e enerxía
2. Redución da xeración de residuos e mellora da recollida selectiva
3. Correcto tratamento e xestión dos RAEE (residuos de aparellos eléctricos e electrónicos) e RPA (residuos de pilas e acumuladores)
4. Mobilidade Sustentable
5. Hábitos, rutinas e estilos de vida saudables
6. Compra verde, Comercio Xusto e Consumo Responsable
7. Participación, sensibilización e voluntariado ambiental
8. Cambio climático e ambientación curricular

- **Todas as actuacións propostas xa se realizaron ou están en curso?** SI NON

A inmensa maioría están xa realizadas.

- **Levouse a cabo algunha das medidas propostas no prazo previsto? (Polo menos o 65% dos obxectivos débese cumprir)** SI NON

Sí, a maioría das medidas se desenvolveron no prazo previsto.

- **Desenvolveuse algunha acción que implicase a participación de toda a comunidade universitaria?** SI NON

Describe:

Na planificación e execución de ningunha das accións participou toda a comunidade da FEE, se ben houbo accións que foron difundidas e dirixidas a toda a comunidade (por exemplo, os seminarios e cursos).

9. INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

- **Nas universidades onde só teñen participado campus ou centros concretos, levouse a cabo un plan de comunicación para que se estenda o programa a outros centros ou campus?** SI NON

Describe:



A Oficina de Medio Ambiente da Universidade (OMA-UDC) é a que centraliza este tipo de labores e a que, polo tanto, desenvolveu dito plan de comunicación.

- **Hai un rexistro e descrición das accións levadas a cabo no programa Green-Campus a través dos diferentes medios de comunicación do centro?**

O plan de acción serviu como rexistro das accións levadas a cabo e foi publicado a través da web do Centro. Asimesmo, nesta páxina web (tanto no apartado específico Green Campus como na sección de “Novas”) se comunican as accións que requiren dunha maior difusión, como poden ser seminarios ou implementación de novos procesos, como as illas de separación; tamén nas pantallas, taboleiros e redes sociais se difunden estas actividades.

- **Existen estratexias específicas de comunicación para PDI, PAS, estudiantado e visitantes?**

SI NON

Para que colectivos universitarios (PDI, PAS, estudiantado e visitantes)?

Cando foi necesario dirixirse a un colectivo en particular pola tipoloxía da acción, utilizouse unha vía de comunicación específica para este colectivo (por exemplo, os seminarios dirixidos ao estudiantado foron difundidos a través do PAT ou recomendacións sobre as guías docentes por medio de correo electrónico ao PDI).

- **Existe intercambio con outros centros Green Campus? SI NON**

Con cantos e con cales?

1. Con varios Centros, a través dos estudantes bolseiros Green Campus destes Centros. En tal sentido, os bolseiros realizaron varias accións conxuntas na FEE, por exemplo, as charlas sobre a recollida de lixo en A Coruña (acción 2-5) ou a reorganización de papeleiras e contedores na FEE (acción 2-1).
2. Coa OMA, a través da participación do seu persoal nalgunhas das reunións do Comité Ambiental da FEE e en actuacións na FEE (auga, residuos, xornadas...).
3. Participando na Xornada Green Campus (28/9/2017), que tivo como finalidade reunir a varios Centros da UDC que xa tiñan experiencia con GC e a outros que estaban en fases iniciais do programa (como era o caso da FEE)



- **Desenvolveuse algunha acción en colaboración coa poboación local?** SI NON

Participouse en algunha actividade organizada polo Concello ou outras entidades locais?

SI NON

Sí, e tamén noutras actividades a nivel autonómico e da propia UDC.

Implicouse á cafetería no programa? SI NON

En caso afirmativo, explique como:

A través do aumento da oferta e da promoción das opcións saudables da cafetería do Centro. Ademáis, implicouse na separación dos seus residuos (fracción orgánica) mediante unha estación de compost.

Implicouse o persoal de limpeza no programa? SI NON

En caso afirmativo, explique como:

Principalmente, nas instrucións sobre o proceso de separación de residuos e a redución do consumo de auga nos baños. O persoal de limpeza recibiu formación para estas tarefas.

- **Implicouse á asociación de estudantado e/ou outros colectivos?** SI NON

A cal?

Dada a volatilidade existente ao respecto das asociacións de estudantes na FEE, as nosas comunicacións foron sempre dirixidas a todos os estudantes do centro.

4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

- **Os resultados do seguimento e a avaliación son compartidos coa comunidade universitaria?**

SI NON

- **Identificáronse e seleccionáronse os indicadores apropiados?** SI NON

Cales?



Maioritariamente optouse por indicadores cuantitativos ou de realización efectiva da actividade (é dicir, un modo binario). Tratouse de definir o indicador de seguimento máis axeitado para cada actividade.

- **Os resultados son comparábeis ano tras ano?** SI NON

- **Cales cre que teñen sido os beneficios de participar no Green Campus ata a data?**

Este Programa permitiu por en valor a importancia e beneficios de incorporar a sustentabilidade nas nosas vidas, profesionais e persoais. A través do Programa concienciamos sobre como ser máis sustentable a través incluso de pequenas accións, que percibimos que calaron na comunidade universitaria polos logros acadados e por comentarios que se nos fixeron chegar.

Grazas a este Programa, a comunidade da Facultade foi aínda máis consciente da relevancia de optimizar o uso dos recursos, de tratar e clasificar adecuadamente os residuos, de moverse de forma menos contaminante, de fomentar unha alimentación e estilo de vida máis saudable, de controlar o que se compra, de compartir experiencias cos demais e de incorporar a sustentabilidade no currículo.

Por último, a participación no Programa fomentou o compañeirismo na comunidade universitaria, froito de convivir no desenvolvemento das distintas tarefas e reunións. Igualmente, xerouse un sentimento de pertenza ao Programa entre os seus membros.

5. VINCULACIÓN CO CURRÍCULO

- **Deuse a coñecer o programa Green Campus en todos os departamentos do centro universitario?** SI NON

En cal non?

- **Introducíronse competencias en sustentabilidade nas diversas titulacións?**



SI NON

Estrictamente, as competencias que figuran nas memorias dos títulos non se modificaron dende a incorporación da Facultade no programa Green Campus, pois supón un cambio de grande magnitude nun centro da nosa envergadura. Para isto, actuarase segundo o acordo do Consello de Goberno do 31 de maio de 2017, polo que se aprobaron as novas competencias transversais para os títulos da UDC, que entrarán en vigor progresivamente nas revisións de actualización que se fagan dos títulos. Entre estas competencias, figura a nº 7 co seguinte texto: “7. Desenvolver a capacidade de traballar en equipos interdisciplinares ou transdisciplinares, para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social.”

En todo caso, sí se incorporan nas guías docentes das materias dos diferentes títulos da FEE recomendacións vinculadas ao desenvolvemento sustentable e se promociona todo o relacionado con este aspecto entre a comunidade universitaria (como promover o desenvolvemento de traballos de fin de Grao e de Mestrado en materia de sustentabilidade, difundir premios neste eido, etc.).

➤ **Promóvese a elaboración de traballos fin de grao ou fin de mestrado sobre sustentabilidade?**

SI NON

➤ **Promóvese a redución do consumo de materiais (papel, plástico, etc.) na elaboración das memorias dos traballos docentes e investigadores?**

SI NON

6. DECLARACIÓN AMBIENTAL

➤ **Recole as principais accións emprendidas polo Centro en relación co Green Campus?**

Sí.

➤ **Está redactada en linguaxe sinxelo e describe as accións de forma concreta?**

SI NON

➤ **Concorda coa política ambiental do campus universitario? SI NON**

De que modo?

A declaración ambiental da FEE alinéase co Plan Estratéxico da UDC 2020 (non existe política ambiental a nivel de campus). En particular:

- Na área de Docencia e Aprendizaxe correspóndese concorda co obxectivo estratéxico 1, “Unha aprendizaxe de calidade no ámbito do Espazo Europeo de Educación Superior” e co



obxectivo estratéxico 3, “Unha oferta formativa consolidada e axustada ás necesidades do contorno”.

- Na área de Financiamento e uso eficiente dos recursos alinéase co obxectivo estratéxico 2, “Unha xestión eficiente, responsable e transparente dos recursos públicos” e co obxectivo estratéxico 3, “Unha comunidade identificada coa institución”.

- Na área de Responsabilidade Social concorda co obxectivo estratéxico 1, “Unha universidade que impulsa o cambio social”, e o obxectivo estratéxico 3, “Unha universidade responsable do seu impacto ambiental”.

- **Está dispoñíbel na páxina web da universidade ou do centro?** SI NON

En cal de elas?

Está na páxina web da FEE, con posterioridade a súa aprobación polo Comité Ambiental.

- **Actualízase con regularidade?** SI NON

Con que frecuencia?

-
- **Engada calquera información específica sobre a súa institución que non se teña incluído na descrición anterior.**